



"Outo, outo cabaleiro  
dalle a risa  
e cáelle o diñeiro".

"Cal é a cousa, cal é ela,  
Ten tres capas de inverno:  
A primeira mete medo,  
A segunda é lustrosa,  
A terceira é amargosa."

"Unha cousiña cousa,  
Criada no monte,  
Enxoita na casa  
E cómese sen tasa".

## CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 24

# O magosto

Vén que te  
vou  
churruscar  
un chisco




Durante os días comprendidos entre o 1 de novembro (Tódolos Santos) e o 11 de novembro (San Martiño), celébrase en moitos vilas e cidades, a festa do Magosto. É unha festa tradicional galega. A festa consiste en asar castañas nunha fogueira sobre a que se coloca un cilindro metálico no que se introducen as castañas. É necesario mover este tambor para que as castañas se asen e non se queimen.. Finalmente sêrvense, normalmente, en cucuruchos de papel de periódico.



#### A ORIXE DA FESTA:

Hai varias teorías sobre a orixe do termo Magosto: Magnus Ustus (gran lume) ou Magum Ustum (resaltando o carácter máxico do lume). É unha festa de orixe pagana que foi cristianizada e que se remonta á prehistoria.

A castaña e o día de defuntos aparecen asociados nesta festa. A chegada do inverno é a morte da luz, a fin dun ciclo que se repite cada ano. Segundo algunhas crenzas antigas a castaña era un símbolo da alma dos defuntos e cada castaña que comemos é un alma que se libera do purgatorio.



¡ÑAM!  
Están tolos estes galegos, pero fan unha boa festa.



As castañas fomos durante moito tempo unha fonte inestimable de hidratos de carbono, ata que a chegada da pataca nos substituiu. Aínda somos utilizadas de moitos xeitos, somos “delicatessen”! para o gando e os porcos; ti pódenos comer crúas ou asadas, cocidas ou secas, con chourizos, con ovos ou leite... Tamén facemos ricos doces, cremas ou bombóns.



Son orixinaria de Asia Menor. Os gregos e os romanos trouxéronme a Galicia. Vivo e lugares frescos de solos lixeiros e profundos.



Son moi lonxeva. Vivo de marabilla en climas temperados, ata podo soportar fríos no inverno, pero son sensible as xeadas primaverais.



As miñas follas son usadas como menciñas en diarreas, tos, reuma, inflamación da gorxa e febre.